


## ÍNDICE:

- 1. **MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA**
  - 1.1. INTRODUCCIÓN
    - 1.1.1. Obxecto
    - 1.1.2. Formulación
    - 1.1.3. Ámbito
  - 1.2. ANTECEDENTES
    - 1.2.1. NN.SS.MM. de Cambados
    - 1.2.2. Disposicións para o desenvolvemento da UG-7
    - 1.2.3. Proposta de ordenación de volumes
    - 1.2.4. A figura do Plan Especial
  - 1.3. XUSTIFICACIÓN
  - 1.4. INFORMACIÓN URBANÍSTICA
    - 1.4.1. Características naturais dos terreos
    - 1.4.2. Clasificación urbanística según as NN.SS.MM.
    - 1.4.3. Estudio da estrutura da propiedade do solo
    - 1.4.4. Cálculo dos aproveitamentos edificatorios
  - 1.5. CONDICIONANTES DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO
    - 1.5.1. Características urbanísticas
    - 1.5.2. Normativa municipal
  - 1.6. ANÁLISE DA SOLUCIÓN PROPOSTA E ACREDITACIÓN DA SÚA CONEXIÓN COAS ÁREAS COLINDANTES
    - 1.6.1. Cumprimento das prescricións das NN.SS.MM. na ordenación prevista
    - 1.6.2. Obxectivos
    - 1.6.3. Criterios
    - 1.6.4. Cesións obrigatorias ó Concello
  - 1.7. TRAMITACIÓN



O Secretario Acctal.

Asdo.: José Benito Vázquez Casás

**2. ORDENANZAS**

2.1. XENERALIDADES E TERMINOLOXÍA

2.2. RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO

2.2.1. Clasificación do solo

2.2.2. Estudos de detalle

2.2.3. Parcelacións

2.3. NORMAS DA EDIFICACIÓN

2.4. TRAZADO E CARACTERÍSTICAS DAS INFRAESTRUCTURAS

2.4.1. Rede viaria e aparcamentos

2.4.2. Rede de abastecemento de auga

2.4.3. Rede de sumidoiros

2.4.4. Rede de subministro de enerxía eléctrica

2.4.5. Rede de alumeadado público

2.4.6. Rede de canalización telefónica

2.4.7. Xardinería

**3. XESTIÓN E EXECUCIÓN DO PLAN ESPECIAL**

3.1. CRITERIOS

3.2. XUSTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DA DIVISIÓN POLIGONAL

3.3. SISTEMA DE ACTUACIÓN

3.4. PLAN DE ETAPAS

3.4.1. Introducción

3.4.2. Actos previos á execución

3.4.3. Etapas de urbanización


3.5. ETAPAS EDIFICATORIAS

**4. ESTUDIO ECONÓMICO-FINANCEIRO.**

4.1. EVALUACIÓN ECONÓMICA DA IMPLANTACIÓN DOS SERVICIOS E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PLAN ESPECIAL

4.2. FINANCIACIÓN

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.-



O Secretario Actal.

Asído: José Benito Vázquez Casáis

**5. PLANOS DE INFORMACIÓN E DELIMITACIÓN DO ÁMBITO.**

- 5.1. SITUACIÓN EN RELACIÓN COA ESTRUCTURA ORGÁNICA ESTABLECIDA NAS NN.SS.MM..
- 5.2. TOPOGRÁFICO. HIPSOMÉTRICO, CLINÓMETRO, USOS, INFRAESTRUCTURAS E VEXETACIÓN EXISTENTES.
- 5.3. LIMITES E ORDENACIÓN ESTABLECIDOS NAS NN.SS.MM..
- 5.4. AXUSTE DA DELIMITACIÓN DO ÁMBITO
- 5.5. ESTRUCTURA DA PROPIEDAD

**6.- PLANOS DO PROXECTO.**

- 6.1. PLANTA XERAL. ASIGNACIÓN DE USOS, SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES EN ZONAS VERDES
  - 6.1.1. planta baixa. Definición superficie edificable
  - 6.1.2. planta primeira. Definición superficie edificable
  - 6.1.3. planta segunda. Definición superficie edificable
  - 6.1.4. planta terceira. Definición superficie edificable
- 6.2. ALINEACIÓNS E RASANTES
- 6.3. PERFÍL LONXITUDINAL RUA OLMOS
  - 6.3.1. PERFIL LONXITUDINAL RUA SAN ROQUE
- 6.4. REDE SANEAMENTO PLUVIAIS
- 6.5. REDE SANEAMENTO RESIDUAIS
- 6.6. REDE ABASTECIMENTO DE AUGA
- 6.7. REDE SUMINISTRO ELÉCTRICO
- 6.8. REDE ALUMEADO PUBLICO
- 6.9. REDE DE TELEFONIA

**DILIXENCIA** Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.-



O Secretario Acctal.


Asno.: José Benito Vázquez Casáis

## **1. MEMORIA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA ORDENACIÓN**

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folia forma parte do proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.

O Secretario Acctal.

Assd.: José Benito Vázquez Casáis



## 1.1. INTRODUCCIÓN.

### 1.1.1. Obxecto

De acordo coas determinacións das NN.SS.MM., son obxectivos deste Plan Especial:

- Completa-la ordenación dunha área específica do centro urbano de Cambados.
- Establece-la ordenación pormenorizada de volumes.
- A obtención dunhas zonas libres públicas.
- Determina-lo trazado e características das redes públicas de servizos de sumidoiros, abastecemento de auga, enerxía eléctrica e alumeadado público.

### 1.1.2. Formulación

O Plan Especial de Reforma Interior da UG-7 é de formulación privada pola **Xunta de Compensación da UG-7**, basándose nos seguintes aspectos:

As NN.SS.MM. vixentes, a través da modificación número un, establecen para as Unidades de Xestión que: *"....o correspondente proceso de execución haberase de levar a cabo a través, en principio, do sistema de compensación"*.

A Xunta de Compensación está formada por:

PARCELA	SUPERFICIE (m2)	PROPIETARIOS	DIRECCION
1	165,77	Provalmón,S.L.	R/Arzobispo Lago, nº13 - baixo 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
2	5.404,81	Provalmón, S.L.	R/Arzobispo Lago, nº13 - baixo 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
3	871,07	MªTeresa Chaves Serantes	R/Monasterio de Irache, nº58 Pamplona (Navarra)
4	527,53	Benito Chaves Serantes	Avenida de Galicia, nº77 36630 Cambados
<b>SUMA</b>	6.969,18		

O quinto propietario afectado, según o trazado do ámbito inicial da UG, Nunaga s.l. , A. E.R. Mosteiro Durán, quedou **excluído** a requirimento propio, na constitución Xunta de Compensación, aceptándose a súa solicitude en base os seguintes argumentos:

- Cúmrense as condicións fixadas no art. 62.2 da lei 9/2002 o non superar a alteración o 5% do ámbito , nin cambia-las dotacións públicas.

- A parcela afectada ten suficiente fronte e fondo edificable dende a Avda de Galicia para permitirle a súa total consolidación. O que pon de manifesto que non existe ningunha razón que xustifique que se manteña a súa vinculación co ámbito da U.G.



### 1.1.3. **Ámbito**

O definido polas NN.SS.MM., que se grafica no correspondente plano de información.

Tal e como se manifesta no proxecto de constitución da Xunta de Compensación, existe un **desfase** entre a superficie contabilizada para o ámbito no texto das NN.SS.MM. 5.800 m<sup>2</sup> e a que resulta da documentación gráfica das mesmas, que unha vez axustado éste ó levantamento topográfico e o parcelario, resulta ser de 6.969,18 m<sup>2</sup>, excluída a propiedade número cinco, como así se recolle nos planos do presente plan.

Debe de interpretarse que na redacción do texto das NN.SS.MM. existe un erro material, e onde debía establecer unha superficie de 6.800 m<sup>2</sup> púxose 5.800 m<sup>2</sup>, por error na transcripción. Dada a jurisprudencia existente en casos similares, óptase por respetar o establecido na documentación gráfica das NN.SS.MM., que prevalece sobor do texto no caso de contradicción entre ambos.

Polas razóns expostas, **o ámbito definitivo da UG-7** debe de entenderse como o establecido nos planos deste documento, que abarca exactamente a superficie de **6.969,18 m<sup>2</sup>**.

## 1.2. ANTECEDENTES.

### 1.2.1. **NN.SS.MM. do Concello de Cambados.**

En virtude de Orde da C.O.T.O.P.do 20 de xullo de 1.994 outorgouse aprobación definitiva as Normas Subsidiarias Municipais (NN.SS.MM.) do Concello de Cambados, publicadas no B.O.P Nº 55 do 20 de marzo de 1.995

A vixencia temporal das NN.SS.MM. e indefinida según a lei 9/2.002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

### 1.2.2. **Disposicións para o desenrolo da UG-1.**

As NN.SS.MM. de Cambados, según o seu texto orixinal e a modificación número un, establecen as condicións para o desenvolvemento das Ordenacións irregulares, definindo na planimetría a súa delimitación e, na ficha correspondente as condicións específicas para o seu desenrolo, que se reproducen a continuación:

#### **ORDENACIONES IRREGULARES**

*Aplícase esta Ordenanza ós ámbitos das Unidades de Xestión determinadas nos planos de ordenación. Estas Unidades desenrolaranse en desenvolvemento das determinacións previstas nos planos de ordenación e nestas Normas, mediante a tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior, ou estudio de Detalle, según proceda coa finalidade de concreta-la ordenación pormenorizada.*

*Por outra parte, a fin de garanti-la posta a disposición do Concello dos terreos de cesión obrigatoria ó mesmo, por estar destinados a usos ou servicios públicos de titularidade municipal, a execución das obras de urbanización e a distribución de cargas e beneficios entre os interesados, o correspondente proceso de execución haberase de levar a cabo a través, en principio, do sistema de compensación. No caso de que se trate de propietario único, ou cando exista conformidade expresa de todos eles, e se garante de xeito bastante a execución das obras de urbanización, admitirase a utilización do procedemento de reparcelación voluntaria para facer efectivo o principio de distribución de cargas e beneficios ós propietarios.*

*O fondo edificable nos solares resultantes nas Unidades de Xestión, será con carácter xeral, de 15 m.*

**DILIXENCIA.** Para facer constar que a presente follá forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E. E.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.

O Secretario Acctal.

A fin de concreta-lo aproveitamento patrimonializable polos propietarios das parcelas emprazadas dentro das Unidades de Xestión, en aplicación do que establece o artigo 27.4 do texto Refundido da Lei do Solo, fíxase o mesmo no 90% do aproveitamento resultante en cada unha das Unidades de Xestión.

Nas determinacións correspondentes a cada unha das Unidades de Xestión débese entender suprimidas as referencias á edificabilidade e correspondencia de altura co número de plantas e substituídas polos parámetros resultantes desta corrección.

En particular con referencia a U.G.7. que nos ocupa, establécese:

UG-7 OLMOS SAN ROQUE

O obxectivo desta actuación é a regulación das aliñacións das rúas Olmos e S. Roque xunto coa nova apertura que terá continuidade no desenvolvemento do solo apto para urbanizar A-2, permitindo igualmente a formalización dunha zona libre pública.

Parámetros:

Superficie total: 5.800 m<sup>2</sup>.

Edificabilidade: 1,00 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

Dotacións públicas: zonas libres: 1.400 m<sup>2</sup>.

Altura máxima: Baixo máis 2 plantas (10 metros); Baixo máis tres plantas (13 metros) no fronte da avda. de Galicia.

Nas restantes determinacións estarase o establecido para as ordenanzas 2 e 3 do solo urbano.

Esta unidade é susceptible de poderse dividir sempre e cando as partes resultantes poidan asumir a equidistribución de beneficios e cargas que propón o planeamento

### 1.2.3. Proposta de ordenación de volumes.

Antes de pormenoriza-la proposta de ordenación de volumes é preciso facer constar os condicionantes da mesma.

- No documento das NN.SS.MM. a UG7 correspóndelle a seguinte ficha:

Ámbito: 5.800 m<sup>2</sup>

Edificabilidade: 1 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

Dotacións:

Zonas libres: 1.400 m<sup>2</sup>

Alturas máximas: (B+2) 10 m y (B+3) 13 m

Nas restantes modificacións estarase no establecido polas ordenanzas 2 y 3 de solo urbano.

É unha UG ordenada, dita ordenación recóllese na planimetría das NN.SS.MM.

A ordenación de volumes deste Plan Especial, sitúa os sólidos nas zonas previstas na cartografía das normas municipais, do que queda constancia na documentación gráfica. Igualmente débese facer constar, segundo a ficha desta UG7, que a zona verde admite á inscrición dunha circunferencia de diámetro de 30 m.


Respétase o deseño da rede viaria, ampliando incluso a sección contemplada para a rúa Os Olmos, que pasa do ancho de 12 m. previsto a 16 m.

Aínda no caso que se interpretase a diferenza existente na superficie do ámbito, que é 6.969,18 m<sup>2</sup>. en lugar dos 5.800 m<sup>2</sup>. establecidos no texto das normas, non como un erro material na redacción das normas, senón coma unha ampliación do ámbito, manteríase a proporción inicial entre superficie de zonas públicas e superficie de zonas privadas, gracias o aumento de ancho adoitado pra a rúa Os Olmos, con respecto o previsto nas normas.

### 1.2.4. A figura do Plan Especial.

Dende a entrada en vigor da Lei 9/2002 de 30 de Decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia de Marzal, os Plans Especiais son regulados polo artigo 68.1 seguinte:

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.



O Secretario Acctal.

"En desenvolvemento das previsións contidas nos plans xerais de ordenación municipal, poderán formularse e aprobarse plans especiais coa **finalidade** de protexer ámbitos singulares, levar a cabo operacións de reforma interior, coordina-la execución de dotacións urbanísticas, protexer, rehabilitar e mellora-lo medio rural ou outras finalidades que se determinen regulamentariamente."

Continúa o artigo 70:

"1.- Os plans especiais de reforma interior teñen por **obxecto** a execución de operacións de reforma interior en solo urbano non consolidado previstas no Plan Xeral, para o desconxestamento desta clase de solo, a mellora das condicións de habitabilidade, a creación de dotacións urbanísticas, o saneamento de barrios insalubres, a resolución de problemas de circulación, a mellora do ambiente ou dos servizos públicos, a rehabilitación de zonas degradadas ou outros fins análogos.

"2.- Os plans especiais de reforma interior en solo urbano non consolidado as determinacións adecuadas á súa finalidade, como mínimo, as **determinacións e documentacións** propias dos plans parciais".

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2002, sinala:

1.- Os plans de ordenación aprobados definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta Lei conservarán a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación ós preceptos desta Lei, consoste as seguintes regras:.....

c) O resto do solo urbano e, en todo caso, ó incluído en polígonos, unidades de execución ou de actuación, aplicaráselle o disposto por esta Lei para o solo urbano non-consolidado e **poderá executarse de acordo coas determinacións do planeamento vixente ata a completa execución das súas previsións no prazo máximo de dous anos** a partir da entrada en vigor desta Lei. Transcorrido ese prazo sen que fosen completamente executadas as súas previsións, serán de aplicación os estándares mínimos para dotacións e os límites de edificabilidade establecidos para o solo urbano non consolidado por esta Lei, sendo o ámbito de referencia para aplicación destes estándares e limitacións o polígonos ou unidade de execución ou de actuación".

E decir, en aplicación desta DT1ª da Lei 9/2002, o solo urbano non consolidado poderase executar de acordo coas determinacións establecidas no planeamento vixente ata o 31 de decembro do ano 2004.

### 1.3. XUSTIFICACIÓN

A oportunidade deste Plan Especial, procede da necesidade que ten a zona en desenvolve-las bolsas de solo urbano, para regula-lo crecemento da estrutura urbana e evitar deste xeito, o irregular desenvolvemento ó longo das estradas.

O obxectivo desta actuación é a regulación das aliñacións das rúas Olmos e S. Roque xunto coa nova apertura que terá continuidade no desenvolvemento do solo apto para urbanizar A-2, permitindo igualmente a formalización dunha zona libre pública.


### 1.4. INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

#### 1.4.1. Características naturais dos terreos.

##### Superficie de actuación.

A superficie total desta actuación segundo a ficha urbanística, sería de 5.800 m<sup>2</sup> pero da comprobación topográfica e do seu axuste os límites reais das parcelas resulta unha superficie de 6.969,18 m<sup>2</sup>.





### Características xeolóxicas.

O subsolo do solar estudado está constituído principalmente por 2 unidades ou niveis xeotécnicos: solo vexetal e granito alterado grado V.

Seguidamente describense os principais niveis xeotécnicos e as súas características xeomecánicas:

#### Nivel 1.

Solo vexetal: constituído por area limosa, solta, de color marrón con restos de raíces e materia orgánica. O material encontrase húmido.

O espesor observado varía entre 1,30 e 1,90 m.

#### Nivel 2.

Granito alterado grado V: grava areosa con algo de limo, de cor marrón alaranxado. Aparece algún trozo, de maneira dispersa, de roca granítica cunha resistencia media; así como pequenas zonas caolinizadas por alteración dos feldespetos. O material encontrase moi húmido.

A compacidade do material é moderadamente densa e aumenta progresivamente en profundidade.

O espesor observado varía entre 1,50 e 2,20 m.

### Características topográficas.

O ámbito da UG-7 é de forma irregular.

No plano topográfico adxunto están grafiadas expresamente as condicións do terreo en canto á súa forma e dimensións.

No momento da visita ó solar, comprobouse que a superficie do mesmo presentaba unha lixeira pendente dende a rúa San Roque cara a Avda. de Galicia, e tamén presenta lixeira pendente descendente dende a rúa Os Olmos cara a lavadoiro de S. Roque.

### Características climatolóxicas.

Dende o punto de vista climatolóxico, o clima sitúase, segundo a clasificación de J. Papadakis, no límite entre o tipo "Mediterráneo Marítimo cálido" e o "Mediterráneo Templado"

Para defini-las características climatolóxicas, dispónse dos datos correspondentes á estación meteorolóxica da adega de Burgáns.

Os datos climáticos medios, das estacións consideradas, son:


Estación	T. Media Mensual	P.p. Media anual mm.	Evapt. Pot. Media mensual	Cota s.n.m.
Burgáns	14,7	1626,7	753,5	19

No seguinte cadro exprésanse de modo detallado as características climáticas de cada estación.

Temp. Med. Mensual °C

Estación	Xa	Fb	Mr	Ab	Ma	Xñ	XI	Ag	Sp	Ou	Nv	Dc
Burgáns	9,3	10,4	12,0	13,9	15,5	18,6	20,3	20,4	18,4	15,2	12,0	9,8

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.-



Secretario Acctal.

**PLUVIOMETRIA MEDIA MENSUAL cm/m2**

Estación	Xa	Fb	Mr	Ab	Ma	Xñ
Burgáns	233.7	187.0	183.6	118.0	129.8	62.8
	XI	Ag	Sp	Ou	Nv	Dc
	45.9	38.9	85.5	142.0	171.6	228.1

**Evapotranspiración Potencial Media Mensual cm.**

Estación	Xa	Fb	Mr	Ab	Ma	Xñ
Burgáns	23.5	28.2	43.0	58.1	76.8	104.4
	XI	Ag	Sp	Ou	Nv	Dc
	116.4	109.4	81.7	56.3	34.2	24.6

Dado que a UG-1 está na costa, se promediaron os datos climáticos, obténdose os resultados seguintes, que consideramos representativos do entorno do área considerada.

<b>T. Media anual °C</b>	<b>Precip. media anual mm/m2</b>	<b>Evapot. potencial media anual mm.</b>
14,3	1.645,8	741,1

**Presencia de auga.**

Detectouse auga en tódolos ensaios de penetración dinámica; así como nas calicatas mecánicas realizadas.

A cota de aparición de auga nos penetrómetros non sempre corresponden ó nivel piezométrico real, posto que en ocasións debese a auga intersticial do solo concentrada na perforación pola vibración que produce o golpeo do propio ensaio, ou ben pola acumulación no terreo en épocas de chuvias.

Por outra parte, o contido de auga das rocas que compoñen o substrato rocoso nesta zona vai depender do estado de alteración das mesmas, xa que no estado fresco presentan unha porosidade practicamente nula e de existir é de tipo fisura, polo que estará condicionada pola fracturación do macizo rocoso.

É necesario mencionar que o nivel freático pode sufrir fluctuacións estacionais importantes en función da cantidade de chuvía caída.

**Usos do solo, cultivos e vexetacións.**

No ámbito da UG – 7 existen dúas edificacións:

- Unha edificación, de baixo e planta, que o parecer no seu día foi destinada o muíño, non alberga ningún uso na actualidade. O seu cerramento é de mampostería en planta baixa e fábrica de ladrillo enfuscado, na planta alta. A súa superficie de ocupación en planta é de 122 m<sup>2</sup>.
- Un alpendre, sen cerramento vertical, consiste simplemente nunha cubrición de pranchas de fibrocemento gran onda, apoiadas sobre dunhas pilastras de ladrillo cerámico sen revestir. Nin sequera ten soleira. A superficie afectada pola delimitación inicial da UG-7 é de 12 m<sup>2</sup>.

A excepción dos terreos vencellados ás casas que dispoñen de frutais, xardín e horta, o resto do terreo está inculto.

Achegase información fotográfica e plano no que se localizan as diversas construcións existentes e o uso de cada unha de elas.

**Conclusións do estudo xeotécnico.**

No subsolo do solar identificáronse 2 unidades ou niveis xeotécnicos: solo vexetal e granito alterado grado V.

Tendo en conta as características xeomecánicas do terreo pasamos a realizar as seguintes consideracións:

- Recomendase unha cimentación superficial mediante zapatas considerando unha tensión admisible do terreo de 3,0 Kp/cm<sup>2</sup>.
- Na tensión admisible calculada están implícitos ~~un~~ <sup>uns</sup> ~~posibles~~ <sup>limitados</sup> máximos tolerables de unha pulgada, non obstante comprobáronse según o método de Meyerhof (1965) resultando aínda inferiores e por tanto moi por debaixo dos máximos admitidos pola NBE-AE-88.
- En xeneral non se preven problemas na escavación dos materiais ata a cota de rexeitamento dos ensaios de penetración dinámica que coincide coa roca pouco alterada, polo que dita escavación podrá realizarse mediante métodos convencionais.
- Dada a presenza do nivel freático e as posibles variacións do mesmo en épocas de chuvia, recomendase realizar pozos de captación, ou ben unha soleira reforzada que garantice a estanquidade.
- nivel freático tamén poderíase afectar na realización dos traballos de cimentación, polo tanto recomendase adoptar as medidas necesarias pra o agotamento do mesmo, ó menos ata que finalizasen as tarefas de formigonado.
- Efectuouse un análise de auga presente no subsolo có fin de comproba-la súa agresividade fronte o formigón según a instrucción EHE, obténdose un grado de "agresividade débil", debida a un contido en dióxido de carbono (CO<sub>2</sub>) de 17,1 mg/l.

#### 1.4.2.- Clasificación urbanística segundo as NN.SS.MM..

O ámbito do Plan Especial está incluído dentro da delimitación de Solo Urbano, establecida polas NN.SS.MM.. Os usos autorizados son:

Predominantemente residencial, vivenda plurifamiliar, industrial categorías 1ª e 2ª, hostaleiro, comercial, de oficinas, salas de reunión, sanitario-asistencial, docente, deportivo, recreativo, sociocultural, espectáculos, e servizos públicos compatibles co residencial.

Permitense garaxes en categorías 1ª, 2ª, 3ª. Será obrigatorio a edificación complementaria de semisotos, ou sotos destinados a garaxes nunha proporción de 1 praza por cada local de vivenda ou 50 m<sup>2</sup> de uso comercial, de oficinas ou industrial.

O seu aproveitamento urbanístico require a redacción previa dun Plan Especial de Reforma Interior.


#### 1.4.3.- Estudio da estrutura da propiedade do Solo.

O número de propietarios incluídos no ámbito de planeamento, é de 3 propietarios, vinculados a catro parcelas.

No plano correspondente localízase planimetricamente as diferentes propiedades e, no cadro adxunto, resúmense as superficies das parcelas correspondentes a cada propietario:

PARCELA	SUPERFICIE (m <sup>2</sup> )	PROPIETARIOS	DIRECCION
1	165,77	Provalmón,S.L.	R/Arzobispo Lago, nº13 – baixo 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
2	5.404,81	Provalmón, S.L.	R/Arzobispo Lago, nº13 – baixo 36600 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
3	871,07	MªTeresa Chaves Serantes	R/Monasterio de Irache, nº58 Pamplona (Navarra)
4	527,53	Benito Chaves Serantes	Avenida de Galicia, nº77 36630 Cambados
<b>SUMA</b>	6.969,18		

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.



O Secretario Adxetal.

#### 1.4.4. Cálculo dos aproveitamentos edificatorios.

No plano correspondente grafíase a escala 1/250 a ordenación establecida nas NN.SS.MM., o cálculo dos aproveitamentos edificatorios se resumen no cadro adxunto:

#### CADRO DE CARACTERÍSTICAS SOBRE SUPERFICIES, NORMAS, USOS CUALIFICADOS, EDIFICABILIDADES, VOLUMES, ETC.

##### ESTÁNDARES URBANÍSTICOS

SUPERFICIE DO ÁMBITO	6.969,18 m2.
EDIFICABILIDADE 1m2/m2.	6.969,18 m2.
SUPERFICIE EDIFICABILIDADE PRIVADA	
90% S/6.969,18 m2.	6.272,26 m2.
CESIÓN O CONCELLO	
10% S/6.969,18 m2.	696,92 m2.
ZONA VERDE	1.450,78 m2.
BEIRARRUAS	418,92 m2.
VIAIS	848,08 m2.
ZONAS USO PUBLICO	2.717,78 m2.
ZONAS PRIVATIZABLES	4.251,40 m2.(1)

##### DISTRIBUCIÓN DA EDIFICABILIDADE

	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3	TOTAIS
PLANTA BAIXA	1.259,12 m2.	554,45 m2.	158,56 m2.	1.971,83 m2.
PLANTA PRIMEIRA	1.184,14 m2.	564,90 m2.	158,56 m2.	1.907,30 m2.
PLANTA SEGUNDA	1.174,38 m2.	567,40 m2.	158,56 m2.	1.900,04 m2.
PLANTA TERCEIRA	1.190,01 m2.	0,00 m2.	0,00 m2.	1.190,01 m2.
TOTAIS(2)	4.807,65 m2.	1.686,75 m2.	474,78 m2.	6.969,18 m2.
ORDENANZA	ORD. 3	ORD. 2	ORD. 2	
Nº PLANTAS	B+3	B+2	B+2	
USOS E DOMINIOS	ordenanza 3	ordenanza 2	ordenanza 2	

(1) inclúense todas aquelas parcelas que son susceptibles de privatizarse a esta cantidade restarase, no momento que se defina no proxecto de compensación, o aproveitamento cedido ó Concello.

(2) o emprazamento dos voadizos ten carácter orientativo, será proxecto de compensación quen os determinará de xeito definitivo, en función das edificabilidades que lle correspondan a cada parcela.

(3) A ZONA PRIVADA LIBRE DE EDIFICACIÓN.

Poderase utilizar para os usos previstos nas ordenanzas de aplicación, sempre que non signifiquen aproveitamentos edificatorios sobor da rasante, permitiéndose a súa ocupación con plantas sótanos de acordo coas condicións establecidas nas NN. SS. MM.

## 1.5.- CONDICIONANTES DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

### 1.5.1.- Características urbanísticas.

- Terreo con topografía suave.
- Fácil accesibilidade.
- Ausencia de elementos de vexetación significativa.
- Existen diversas edificacións que foron descritas no punto 1.4.1.4
- Terreos permeables con drenaxe favorable.
- Ventos predominantes: NO, de travesía, e do sur.
- Precipitacións abundantes
- Subsolo, firme de granito descomposto.
- Fácil conexión cos servizos municipais de abastecemento de auga, rede de saneamento subministro de enerxía eléctrica e rede telefonía.
- Propiedade do solo concentrada en poucos propietarios.

### 1.5.2.- Normativa municipal.

As NN.SS.MM. delimitan e condicionan a execución do PERI, de acordo cos seguintes parámetros:

UG-7 OLMOS SAN ROQUE

O obxectivo desta actuación é a regulación das aliñacións das rúas Olmos e S. Roque xunto coa nova apertura que terá continuidade no desenvolvemento do solo apto para urbanizar A-2, permitindo igualmente a formalización dunha zona libre pública.

Parámetros:

Superficie total: 5.800 m<sup>2</sup>.

Edificabilidade: 1,00 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>.

Dotacións públicas: zonas libres: 1.400 m<sup>2</sup>.

Altura máxima: Baixo máis 2 plantas (10 metros); Baixo máis tres plantas (13 metros) no fronte da avda. de Galicia.


Nas restantes determinacións estarase o establecido para as ordenanzas 2 e 3 do solo urbano.


Esta unidade é susceptible de poderse dividir sempre e cando as partes resultantes poidan asumir a equidistribución de beneficios e cargas que propón o planeamento.

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7) aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.-

O Secretario Acctal.

Asín: José Benito Vázquez Casáis





O Secretario Acctal.

## **1.6.- ANÁLISE DA SOLUCIÓN PROPOSTA E ACREDITACIÓN DA SUA CONEXIÓN AS ÁREAS COLINDANTES.**

### **1.6.1. Cumprimento das prescricións condicionantes das NN.SS.MM. na ordenación prevista.**

O presente Plan Especial promóvese a iniciativa particular, tal como se fixo constar no apartado 1.1.2. e cumpre cos parámetros establecidos segundo os seguintes aspectos:

- A rede viaria prevista e a mesma que establece a planimetría das NN.SS.MM.
- A ordenación en planta dos volumes edificables e á prevista na planimetría das NN.SS.MM..
- A zona verde e espazos públicos, igual que nos apartados anteriores, emprázanse nas mesmas zonas.

### **1.6.2. Obxectivos.**

A actuación urbanística consiste no desenvolvemento das NN.SS.MM. do Concello de Cambados, mediante a redacción, tramitación e execución do Plan Especial de Reforma Interior, en desenrolo da UG - 7 "Os Olmos- San Roque" de acordo coas especificacións establecidas ó efecto.

#### **1.6.2.1. Xerais.**

Ordenar e urbaniza-la zona, posibilitando o emprazamento das edificacións, cuns criterios de ordenación, que sendo respetuosos coas NN.SS.MM. axeiten a súa xestión.

#### **1.6.2.2. Da ordenación urbanística.**

- Integrar á area de actuación na estrutura urbana de Cambados.
- Ordenar urbanisticamente os terreos de acordo coas determinación das NN.SS.MM., regulando o emprazamento das novas edificacións.
- Lexitima-lo comezo da xestión urbanística das NN.SS.MM., que permita a consecución da titularidade municipal de:

- a) Os viais de nova creación.
- b) As zonas verdes.
- c) A obtención do 10% do aproveitamento lucrativo que lle corresponde a esta UG

### **1.6.3. Criterios.**

Os criterios xerais seguidos na ordenación foron os seguintes:

- a) Mantemento da rede viaria proposta polas NN.SS.MM., mantendo, incluso aumentando, os anchos dos viais.
- b) Distribuí-la superficie edificable total do ámbito situándo a do mesmo xeito, sen excede-la altura máxima permitida pola ordenanza 3 "de bloques de casas" e ordenanza 2 " de transición o bloque de casas.
- c) Axustar as alturas os encontros dos límites deste Plan Especial, evitando na medida do posible, a existencia de medianeiras vistas.
- d) Respeto dos fondos máximo edificable a 15 m. ; nas edificacións os fondos serán: nas plantas baixas: 16,80 m e plantas primeira e seguintes de 13,80 m, sen perxucio de que dentro do ámbito do plan se podan transferir edificabilidades de acordo coas condicións volumétricas establecidas nas ordenanzas 2 e 3.
- e) Voos máximos de 1 m, con fronte ás rúas e zonas verdes de uso público.
- f) Propiciar que o Concello dispoña, coa maior brevidade posible, dos terreos edificables que lle corresponden nesta UG

A ordenación resúmese no cadro adxunto:

<b>DISTRIBUCIÓN DA EDIFICABILIDADE</b>				
	BLOQUE 1	BLOQUE 2	BLOQUE 3	TOTAIS
PLANTA BAIXA	1.259,12 m2.	554,45 m2.	158,56 m2.	1.971,83 m2.
PLANTA PRIMEIRA	1.184,14 m2.	564,90 m2.	158,56 m2.	1.907,30 m2.
PLANTA SEGUNDA	1.174,38 m2.	567,40 m2.	158,56 m2.	1.900,04 m2.
PLANTA TERCEIRA	1.190,01 m2.	0,00 m2.	0,00 m2.	1.190,01 m2.
<b>TOTAIS</b>	<b>4.807,65 m2.</b>	<b>1.686,75 m2.</b>	<b>474,78 m2.</b>	<b>6.969,18 m2.</b>
ORDENANZA	ORD. 3	ORD. 2	ORD. 2	
Nº PLANTAS	B+3	B+2	B+2	
USOS E DOMINIOS	ordenanza 3	ordenanza 2	ordenanza 2	
ZONA VERDE			1.450,78 m2.	
BEIRARRUAS			418,92 m2.	
VIAIS			848,08 m2.	

#### 1.6.4. Cesións obrigatorias ó Concello.

Son de cesión obrigatoria ó Concello:

- A rede viaria
- As zonas verdes públicas.
- O 10 % do aproveitamento lucrativo, que en este caso será:  
 $6969,18\text{m}^2 \times 0,10 = 696,2 \text{ m}^2$


O Concello non deberá de contribuír co 10% dos gastos de urbanización , como propietario do 10% de aproveitamento lucrativo, de acordo có art. 22 d) da Lei 9/2002.

#### 1.7. TRAMITACIÓN.

A tramitación do Plan Especial, suxeitarase ás determinacións establecidas no art. 86 e seguintes da Lei 9/2002, tendo en conta ó establecido pola Lei 7/1995 de 29 de xuño, de delegación e distribucións de competencias en materia de urbanismo, comprendendo esta tramitación as seguintes fases:

- Aprobación inicial polo Órgano Municipal competente, Comisión Municipal de Goberno, conforme ó establecido no artigo 22, apartado c) da Lei 11/1999, de Modificación da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Información pública polo prazo mínimo dun mes.
- Solicitude dos informes sectoriais que fosen procedentes, que deberán ser emitidos no prazo dun mes. No presente caso non é preciso en principio ningún informe de este tipo.
- Aprobación Definitiva polo Pleno da Corporación Municipal, conforme ó artigo 22 apartado c) da Lei 11/1999, antes citada.

**DILIXENCIA** - Para facer constar que a presente folla forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.



Secretario Acctal.

Asdo. José Benito Vázquez Casáis

Publicación da Aprobación Definitiva no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia. No anuncio do Boletín Oficial da Provincia publicarase a normativa e as ordenanzas do Plan Parcial. No anuncio de aprobación definitiva farase constar a remisión da documentación á consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

- Comunicación da Aprobación Definitiva á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, achegando copia autenticada de dous exemplares do instrumento aprobado definitivamente con tódolos planos e documentos que integran o Plan aprobado definitivamente, debidamente dilixenciados polo Secretariado do Concello.

Textualmente a lei 9/2002 establece:

Artigo 86. Tramitación de planeamento de desenvolvemento.

1. A tramitación dos plans parciais, plans especiais e plans de sectorización axustarase ó seguinte procedemento:


a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia i en dous dos xornais de maior circulación na provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos. Simultaneamente notificaráselles individualmente a tódolos propietarios dos terreos afectados; para estes efectos, unicamente será obrigatoria a notificación ós titulares que figuren no rexistro da propiedade e no catastro, debendo figura-la relación na documentación do plan.

b) Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitarlles ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes, agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

c) Os servizos técnicos e xurídicos municipais deberán emitir informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada.

e) Cando, con posterioridade ó trámite de información pública, se pretendan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, abrírase un novo trámite de información pública.

f) Cumpridos os trámites sinalados nos apartados precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva.



Asdo. Xosé Xoán Martínez Costa, Arquitecto  
Cambados, Novembro do 2003



## 2. ORDENANZAS

**DILIXENCIA.-** Para facer constar que a presente folia forma parte do Proxecto do Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Xestión nº 7 das NN.SS. (P.E.R.I. UG-7), aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación o 24.06.2004.-

O Secretario Actal.

Asdo.: José Benito Vázquez Casáis

## **2. ORDENANZAS**

### **2.1. XENERALIDADES E TERMINOLOXÍA.**

Estímase todo o disposto nas NN.SS.MM. de Cambados

### **2.2.- RÉXIME URBANÍSTICO DO SOLO**

#### **2.2.1.- Clasificación do solo.**

A UG-7, atópase comprendida dentro do SOLO URBANO, delimitado polas NN.SS.MM. de Cambados.

#### **2.2.2.- Estudos de Detalle.**

Como desenrolo deste Plan Especial non se prevé a obrigatoriedade de redactar e tramitar estudos de detalle.

O Plan Especial confeccionase coa pormenorización suficiente para que unha vez realizado e aprobado o proxecto de urbanización correspondente, e unha vez que o Solo Urbano teña adquirida a consideración de solar, pódense conceder licencias municipais de edificación como actividade reglada.

Pese a non ser obrigatoria a realización de E.D., poderanse formular estes instrumentos con carácter voluntario de acordo coas determinacións que ó efecto establece a Lei 9/2002, e regulamento de planeamento

#### **2.2.3.- Parcelacións.**

As parcelacións urbanísticas están reguladas polos artigos 204, 205, 206 e 207 da Lei do Solo de Galicia. Neles considerase parcelación urbanística, a división de terreos en dous ou máis lotes, ou porcións co fin da súa urbanización ou edificación, xa sexa de forma simultánea ou sucesiva.

Toda parcelación urbanística estará suxeita a licencia, ou a aprobación de proxecto de compensación ou de reparcelación que a conteña.

No proxecto ou proxectos de parcelación que se desenvolvan no plan especial, non se permitirán parcelas nas que as superficies sexan inferiores á superficie mínima, establecida na ordenanza de aplicación, en cada caso

## 2.3.- NORMAS DE EDIFICACIÓN.

Son de aplicación as previsións das NN.SS.MM. i especialmente a **Ordenanza 3 "de bloque de casas"** e **Ordenanza 2 "de transición de bloques de casas"**, de acordo coa delimitación establecida na documentación gráfica do presente plan.

**O emprazamento dos voadizos, establecidos na documentación gráfica, teñen carácter orientativo, será o Proxecto de Compensación quen os determinará de xeito definitivo, en función das edificabilidades de cada parcela.**

Literalmente as devanditas ordenanzas establecen:

### 2. ORDENANZA 2. De transición a bloque de casas.

#### . Definición e ámbito.-

Comprende esta ordenanza as parcelacións de extensión do núcleo urbano en contacto coas aliñacións de estrada e rúas, definidas nos plans de ordenación.

#### . Regulación.-

Ordénase a edificación por consolidación e compactación de ringleiras adosadas coas seguintes condicións de ordenación:

a) Permítese a edificación illada sempre e cando non existan paramentos cegos nos lindes de parcela, debendo situarse nunha franxa de 20,00 mts., a contar dende a aliñación oficial, onde se situará o cerre da parcela no seu caso. Se existísen paramentos cegos nos lindes, esixírase o adose ós mesmos.

b) A edificación en ringleira situarase en liña de fachada coincidente coa aliñación definida en planos de ordenación.

c) Establécese un fondo máximo de edificación de 15 mts. medido dende a liña de edificación exterior e unha altura máxima de 10 mts., equivalente a B+2+Atico.

Con estas condicións as edificacións existentes semiadosadas ou exentas poderán ampliar o seu teito edificado cumprindo as condicións de volume.

Toleraranse construcións auxiliares exentas ou adosadas ós lindes da parcela e dentro da franxa de 20,00 mts. de posición da edificación.

As aliñacións de fachada definidas nos Planos de Ordenación aplicaranse coa tolerancia necesaria para manter as maiores retranqueos das edificacións existentes retrasadas, e dentro da franxa de posición da edificación. Os espacios libres resultantes serán privados, ordenados como xardín e pechados, non podendo superar 1.20 mts. de altura os elementos opacos do peche.

Autorízase a prolongación da planta baixa, soto e semisoto por detrás da liña de edificación interior, ata alcanzalo máximo de 20,00 mts., definido pola franxa de posición da edificación (suprímese a esixencia de que se destine o uso de garaxe aparcamento).

Baixo cuberta por enriba da altura máxima, autorízanse sen computar edificabilidade os aproveitamentos edificatorios sempre que se vinculen mediante escaleira interior á planta alta do edificio e non superen a altura de coroación. Computará edificabilidade cando dita planta en formación de ático non se vincule coa inmediatamente inferior. Así mesmo, autorízanse instalacións técnicas do edificio e dependencias auxiliares da vivenda. Deberán estar inscritas todas elas dentro dun plano definido por un ángulo máximo de 30º trazado dende a cara superior da cornixa, en liñas de fachada e interior e unha altura de coroación de 4,00 mts. dende a altura máxima, e non computará edificabilidade.

